

Roteiro por REBOREDA Redondela

Elaborado polo alumnado do

IES Pedro Floriani



ACOMPÁÑ
NO CAMIÑO



TE

O nome de Reboreda procede do latín "roboreta", que á súa vez deriva de "robur", é dicir, do carballo (Quercus robur). Reboreda, significa, pois, carballal e este topónimo ten máis de mil anos.



A situación de Reboreda, nun val xunto ao río do que obter facilmente a auga, propiciou que fose unha das parroquias máis habitadas do municipio, que xa en 1752 contaba con 372 casas e 1.362 veciños.

Fervenza da Feixa

Situada na estrada de Pazos, esta catarata pola que flúe a auga do río Alvedosa, constitúe un dos recunchos máis máxicos e bonitos de todo o municipio de Redondela.


En 2014 o lugar foi posto en valor, sinalizado e acondicionado cunha senda para poder observalo. No salto grande habilitouse unha pasarela con escaleira de madeira que permite ascender xunto aos muíños, que antigamente aproveitaban o desnivel da fervenza para mover as súas maquinarias. Algúns destes muíños foron rehabilitados e convertidos en vivendas e establecementos onde se pode xantar ou cear nunha contorna privilexiada.

Igrexa de Santa María de Reboreda

No século XIII aparecen escritos que reflicten o nome de igrexa de Reboreda, baixo a advocación de Santa María e pertencente ao arceprelado de Redondela.

Ata o século XIX Reboreda era unha parroquia de padroado laico, é dicir o fidalgo que mandaba sobre a zona propoñía ao Bispado o nome do párroco que debía facerse cargo da igrexa.

Unha placa lémbra-nos no pazo que aquí naceu Xoán Manuel Pereira ao que Ramón Otero Pedrayo inmortalizou na obra "O Señorito da Reboraina".



Metrominuto desde Reboreda

A súa construción pódese datar a finais do século XVII e principios do XVIII. Nos seus inicios foi unha pequena capela anexa ao pazo que se atopa ao seu carón, no que aínda existe un pasadizo que os une.

Na fachada destaca a porta que se enmarca con dúas pilastras laterais e outra enriba a modo de lintel. Na parte superior aparecen dous pináculos con bolas. Por riba dela está unha peaña semicircular que serve de base para a imaxe do Patrón colocada na fornela. Posúe tamén unha pequena ventá cadrada e un reloxo. Remata nunha torre de base cadrada con oco en cada cara.

A igrexa de Reboreda foi construída a partires dunha máis antiga por mandato de Juan de Mondragón e frei García de Mondragón. O retablo maior, deste mesmo século, foi obra do redondelán **Antonio del Villar**. O mestre de cantería foi Santiago de Pazos, que reedificou a Capela Maior.

Na súa porta pódese observar un escudo coas armas dos Prego de Montádevos, Soutomaior, Troncoso e Lira e os vascos Mondragón (dous dragóns enlazados pola cola) como benfeitores deste templo relixioso.

Adorna o adro un cruceiro de 1770.



Recursos bibliográficos

Álvarez Fernández, Dolores (1995)
Antonio del Villar, retablista

Revista Espacio, Tiempo y Forma UNED

Recursos web

lavozdegalicia.es
patrimoniogalego.net
viajandoconpio.com

SOAR  Sociedade
de Amigos de
Redondela



Xacobeo 2021